






NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - SPV	
Número expediente:	Documento:
 CON/2024/22	 CON18I01XI
4S52 3X1U 686D 432G 1207	
	

Expediente CON/2024/22: Acondicionamento de beirarrúas e aparcamento en av. do Mar (Pol. Ensenada da Gándara)

Asunto: Memoria xustificativa da contratación

En relación á contratación das obras denominadas “Acondicionamento de beirarrúas e aparcamento en av. do Mar (Pol. Ensenada da Gándara)”, e de conformidade co disposto no artigo 28 (necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación) e 116 (expediente de contratación: iniciación e contido) da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directiva do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP), emítase a seguinte

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1. NATUREZA E EXTENSIÓN DAS NECESIDADES QUE PRETENDEN CUBRIRSE

Dada a carga de tráfico e actividade no Pol. Da Gándara, é necesario a ordenación dos aparcamentos, accesos a industriais e comercios, mellora da seguridade e accesibilidade dos usuarios, e adaptación de pluviais e recolocación de iluminación, adaptando as seccións dos viais de forma que se aproveite mellor o espazo e favoreza a seguridade, deseñando unha sección para a Av. do Mar a sección será: 3,40 m. de carril, 4,50 m. para estacionamento en batería, e 3 m. para beirarrúa.

2. OBXECTO DO CONTRATO

As obras que se proxectan na Av. do Mar afectan ao tramo comprendido entre a rotonda de R/ Pavillón cara a Lóngaras (de 210 m.), actualmente con carril de 6,40 m. de ancho con aparcamento en liña e unha beiravía peonil de 4,50 m. repartido entre beirarrúa e céspede, igualmente moi deteriorado, practicamente apropiado para accesos ás instalacións.



NARÓN

Inclúese nesta actuación a reparación da rodadura do vial transversal final do polígono, (traveso de Lóngaras) de 125 m. de longo por 10 m. de ancho, sen beirarrúas, moi deteriorado polas canalizacións das instalacións executadas posteriormente, cheo de blandóns e fochas.

Consta no expediente o proxecto de obras denominado “Acondicionamento de beirarrúas e aparcamento en av. do Mar (Pol. Ensenada da Gándara)”, promovido por este Concello e elaborado polo Arquitecto Técnico Don José M. Saavedra Pantín (nº de colexiación 978 COAAT AC), en data 15 de febreiro de 2024, da empresa Urbe Ingenia S.L.

O proxecto define con precisión o conxunto de actuacións que han satisfacer as necesidades apuntadas con anterioridade.

O obxectivo que persegue o presente proxecto consiste basicamente na ordenación dos aparcamentos, accesos a industriais e comercios, mellora da seguridade e accesibilidade dos usuarios, adaptación de pluviais e recolocación de iluminación, adaptando as seccións dos viais de forma que se aproveite mellor o espazo e favoreza a seguridade. En concreto, as obras a realizar serían:

- Limpeza da contorna e o desmonte dos elementos de sinalización viaria ou publicitaria.
- Levantado de terras, soleiras, bordos e muretes e cimentación de elementos para a súa demolición.
- Regularización de cotas e pendentes novas en terreo, con achega de saburras e mellora da plataforma.
- Pavimentación dos novos aparcamentos laterais.
- Sinalización horizontal de aparcamentos, sinalización , reservas , recolocación de sinais verticais, indicadores, etc.

Os códigos CPV aparellados a este tipo de actuacións, de acordo co informado polo Técnico redactor do proxecto, son os que seguen:

45233200-1 Traballos diversos de pavimentación

45233223-8 Traballos de repavimentación de calzadas

O proxecto foi aprobado mediante Resolución de Alcaldía de data 25 de xuño de 2024.

Faise constar, que consta no expediente informe sa Xefa do negociado de Patrimonio de data 21 de xuño de 2024 relativo á titularidade municipal dos viais afectados por este proxecto.



3. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

Constan no proxecto todos os elementos determinantes do valor estimado, ao abeiro do art. 101.2 LCSP, e que poden resumirse como segue:

Execución material	73.633,65 €
Gastos xerais (13%)	9.572,37 €
Beneficio industrial (6%)	4.418,02 €
Modificacións ao alza previstas	0,00 €
Outros conceptos que integran o valor estimado	0,00 €
Valor estimado	87.624,04 €

4. PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN

Para a licitación destas obras, propónse a utilización do procedemento aberto, por ser o ordinariamente utilizable (131.2 LCSP), e non concorrer as circunstancias que aconsellen acudir a un procedemento restrinxido (art. 160 e ss. LCSP) ou que permitan a utilización dalgún outro procedemento.

Non se precisa, polo tanto, unha especial xustificación do procedemento de licitación proposto.

Ao non superar o valor estimado o limiar de 2.000.000,00 de euros establecido no artigo 159.1.a), propónse que o procedemento aberto teña carácter simplificado, co cumprimento dos trámites que ao efecto sinala o precitado art. 159.

5. CLASIFICACIÓN ESIXIDA

Sendo inferior o valor estimado aos 500.000,00 €, e ao abeiro do art. 77.1 LCSP, non resulta esixible a clasificación do contratista para a participación nesta licitación.

Non en tanto, e de acordo co parágrafo segundo da letra a) do precitado artigo 77.1, establécese como alternativa á presentación da documentación á que se refire o apartado seguinte, para a acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica, a clasificación do empresario no seguinte grupo, subgrupo e categoría profesional, de acordo coa natureza das obras e co art. 25 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas:

Grupo	Subgrupo	Categoría
G (Viais e pistas)	6 (Obras vias sen cualificación específica)	3 (se a súa contía é superior a 360.000 euros e inferior ou igual a 840.000 euros)



6. CRITERIOS DE SOLVENCIA

6.1. Solvencia económica e financeira

Sen prexuízo da clasificación como medio alternativo para acreditar a solvencia económica e financeira, proponse, por ser o medio máis empregado e non existir razóns que recomenden a utilización de medios alternativos, o seguinte medio para acreditar a solvencia económica e financeira (art. 87.1.a LCSP):

- Volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro do tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas polo importe que sexa igual ou superior ao 100% do valor estimado do contrato.

A acreditación documental da suficiencia da solvencia económica e financeira do empresario efectuarase mediante a achega das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito neste rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar rexistrado. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

En todo caso, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a teor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.

6.2. Solvencia técnica

Sen prexuízo da clasificación como medio alternativo para acreditar a técnica, proponse, por ser o medio máis empregado e non existir razóns que recomenden a utilización de medios alternativos, o seguinte medio para acreditar a solvencia técnica (art. 88.1.a LCSP):

- Relación das obras executadas no curso do cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución.

Estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e levaron normalmente a bo termo. Considerarase acreditada a solvencia cando o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato.

Cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a súa solvencia técnica acreditarase por calquera dos medios establecidos no art. 88.1 apartados b) a f) LCSP, sen que en ningún caso sexa aplicable o establecido con anterioridade.



7. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Consultados os Servizos Técnicos Municipais, trátase dunha obra sen unha especial complexidade que aconselle a valoración da formación e experiencia do persoal que ha executala; ou o recurso a outros criterios de calidade técnica que engadan valor ás ofertas presentadas.

Non entanto, cómpre a inclusión, como criterio técnico avaliable automaticamente, do incremento do prazo de garantía por enriba do ano mínimo a establecer nos pregos, para responder dos conceptos sinalados no art. 110 LCSP, e de forma que o contratista coide durante dito prazo da conservación e policía das obras, nos termos do art. 167 RXLCAP.

Respecto dos restantes criterios propóñense, ademais do factor prezo, outros de tipo social en cumprimento do art. 1.3 LCSP.

Visto canto antecede, teranse en conta os seguintes criterios de adxudicación para a selección do contratista no marco deste expediente:

1. Oferta económica

Co fin de obter certa economía na execución da obra respecto do importe de licitación, obterá a máxima puntuación a empresa que presente a oferta máis baixa. O resto puntuarase en función da porcentaxe de diferenza coa mellor oferta. Desta forma será de aplicación a seguinte fórmula:

$P = P_{\max} - PR * 100 * [(O_f - O_e) / O_e]$. Onde:

P: Puntuación obtida pola oferta a valorar.

P_{\max} : Puntuación máxima do criterio prezo.

PR: Puntos que se restan por cada 1% de diferenza entre a mellor oferta e a oferta que se valora. Valor para o presente contrato: PR=1.

O_f : Oferta a valorar.

O_e : Oferta máis económica

Se como resultado da fórmula obtense un valor negativo, outorgaranse 0 puntos á correspondente oferta.

As ofertas cuxo importe sexa superior ao Presuposto Base de Licitación serán automaticamente excluídas.

PUNTUACIÓN MÁXIMA PARA ESTE CRITERIO: 80 PUNTOS

2. Criterios de calidade

2.1. Aumento do prazo de garantía

Establécese como criterio de calidade o incremento de prazo da garantía definitiva do contrato, respecto do prazo dun ano establecido como mínimo, para responder dos conceptos sinalados no art. 110 LCSP e 167 RXLCAP.

Este criterio puntuarase de acordo coa seguinte escala:

Ofertas cun prazo adicional de garantía de 1 ano2,50 puntos

Ofertas cun prazo adicional de garantía de 2 anos5,00 puntos

As ofertas cun prazo superior a 2 anos serán valoradas con 5,00 puntos.

Se o licitador ofertase un número non enteiro de anos, será tido en conta para a valoración o número enteiro de anos redondeado á baixa.

Se o licitador resultase adxudicatario do contrato, o prazo de garantía ofertado pasará a ser contractual.

PUNTUACIÓN MÁXIMA PARA ESTE CRITERIO: 5 PUNTOS

2.2. Criterios sociais

2.2.1. Subcontratación con Centros Especiais de Emprego ou empresas de inserción

Co gallo de favorecer a empregabilidade dos traballadores destes colectivos, valorarase coa máxima puntuación á empresa que se comprometa a subcontratar un determinado número de unidades de obra referido ao prezo ofertado (IVE incluído).

Este criterio valorarase coa seguinte fórmula:

$$P = P_{\max} \times \%_e / \%_{\max}$$

Onde P é a puntuación obtida, P_{\max} a puntuación máxima, $\%_e$ a porcentaxe de importe, sobre o prezo ofertado (IVE incluído), comprometido a subcontratar con Centros Especiais de Emprego ou centros de inserción, e $\%_{\max}$ a porcentaxe máxima ofertada entre os licitadores.

A acreditación deste criterio realizarase durante o trámite de aportación de documentación pola empresa proposta para a adxudicación, mediante compromiso suscrito polo representante do Centro Especial de Emprego ou centro de inserción, no que se acredite a súa condición de Centro Especial de Emprego ou centro de inserción, e se sinalen as unidades de obra a executar no marco do contrato e a súa contía.



A Dirección de Obra, ao longo da execución do contrato, achegará documentación subscrita polo Centro Especial de Emprego ou centro de inserción, acreditativa das tarefas realizadas no marco do contrato e do importe das mesmas.

O incumprimento deste criterio considerarase incumprimento de obriga esencial, e en consecuencia o órgano de Contratación poderá acordar a resolución do contrato e a inhabilitación da empresa para contratar; ou ben a imposición de penalidades nos termos da cláusula 27.

Se o propio licitador é un Centro Especial de Emprego ou centro de inserción, declarará esta circunstancia na súa oferta e obterá a máxima puntuación para este criterio; valorándose igualmente o resto das ofertas coa fórmula sinalada.

PUNTUACIÓN MÁXIMA PARA ESTE CRITERIO: 15 PUNTOS

CADRO RESUMO:

CRITERIO	PUNTUACIÓN MÁXIMA
1.1. Oferta económica	80 PUNTOS
2.1. Aumento do prazo de garantía	5 PUNTOS
2.2.1. Subcontratación con Centros Especiais de Emprego ou empresas de inserción	15 PUNTOS
TOTAL	100 PUNTOS

8. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

En cumprimento do art. 202 LCSP, e co fin de favorecer a formación no centro de traballo, o licitador que resulte adxudicatario deberá realizar, durante o período de execución deste contrato, polo menos, un curso de formación destinado ao persoal da empresa, en materia de capacitación laboral de carácter técnico (operador de maquinaria, albanelaría, fontanería, electricidade, carpintería, montaxe de estadas, instaladores, pintura, formigonado, mantemento de estradas, movemento de terras, explanacións, asfaltados, etc).

A duración total da formación será como mínimo de 8 horas, podendo estar dirixida a varios traballadores que participen na execución da obra, sempre que se iguale ou supere, no seu conxunto, esa duración mínima.

A acreditación desta condición de execución efectuarase ao longo da execución do contrato, mediante a achega da correspondente documentación a instancia do contratista ou a solicitude da Administración.



En caso de que o contratista resulte adxudicatario doutra obra licitada por este Concello na que se estableza unha condición especial de execución semellante, non poderá utilizarse a mesma formación para acreditar o cumprimento da citada condición especial.

9. DIVISIÓN EN LOTES

Se ben a LCSP establece a norma xeral da división en lotes do contrato, enténdese nesta obra que, pola súa natureza, non é aconsellable a realización independente de cada unha das súas partes. Sinala o proxectista ao efecto:

Se hace mención expresa que las obras incluidas en el presente Proyecto "REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DO PAZO E DA PORTELA", por su naturaleza, situación y desarrollo, al tratarse de la limpieza, saneo, demolición de aceras y tramos de calzadas, y nueva pavimentación de aceras y calzada, en viales contiguos, se considera una sola obra, sin posibilidad de división, por lo que se considera una inversión completa, en el sentido de ser susceptible de entrega al uso público, ya que este proyecto constituye una unidad única a efectos de contratación, sin posibilidad de división en lotes, respecto a lo dispuesto en el art. 99.3 de la ley 9/2017, relativo a la división y adjudicación en lotes.

Proponse en consecuencia, ao órgano de contratación, a non división en lotes do contrato, ao abeiro do art. 99.3.b) LCSP:

O feito de que, a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultase a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico; ou ben que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.